



DATOS IDENTIFICATIVOS

Pragmática e Análise do Discurso en Lingua Inglesa

Materia	Pragmática e Análise do Discurso en Lingua Inglesa			
Código	V01M121V01205			
Titulación	Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Rama Martínez, María Esperanza			
Profesorado	Rama Martínez, María Esperanza			
Correo-e	erama@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/course/view.php?id=6553			
Descrición xeral	Estudo avanzado teórico e práctico de aspectos centrais dos eidos da pragmática e análise do discurso: Functional Sentence Perspective, pragmática, cohesión, coherencia, marcadores discursivos, análise da conversa (aplicada) e análise crítico do discurso.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
B1	Capacidade de afondar naqueles conceptos, principios, teorías ou modelos relacionados cos distintos campos dos Estudos Ingleses, así como de coñecer a metodoloxía necesaria para a resolución de problemas propios de devandita área de estudo			
B2	Capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos na contorna multidisciplinar e multifacética dos Estudos Ingleses.			
B3	Capacidade para utilizar de forma eficiente as novas tecnoloxías da información e da comunicación no ámbito dos Estudos Ingleses.			
B4	Capacidade para presentar en público experiencias, ideas ou informes, así como emitir xuízos en función de criterios, de normas externas ou de reflexións persoais para o que será necesario alcanzar un dominio suficiente da linguaxe académica e científica tanto na súa vertente escrita como oral.			
B5	Habilidade para investigar e manexar novos coñecementos e información no contexto dos Estudos Ingleses.			
B6	Capacidade para adquirir un espírito crítico que leve aos estudantes a considerar a pertinencia das investigacións existentes nas áreas de estudo que conforman os Estudos Ingleses, así como das súas propias.			
B7	Habilidades de consolidación e desenvolvemento da competencia lingüística (nivel C2) no uso falado e escrito da lingua inglesa.			
B8	Autonomía progresiva na aprendizaxe, procura propias de recursos e información, accedendo para iso a fontes bibliográficas e documentais sobre os distintos ámbitos que conforman os Estudos Ingleses.			
B9	Capacidade para realizar traballos de investigación de carácter académico nos distintos ámbitos dos Estudos Ingleses.			
B10	Capacidade para presentar e defender un traballo de investigación utilizando a terminoloxía e os recursos adecuados e apropiados dentro do campo obxecto de estudo.			
C1	Capacidade para utilizar unha terminoloxía lingüística rigorosa así como unha notación adecuada.			
C2	Coñecemento dos principais modelos de investigación lingüística.			
C3	Coñecemento dos principais recursos e ferramentas de investigación lingüística.			
C11	Capacidade de aplicar métodos de investigación cuantitativa e cualitativa, de executar varios procedementos de recolleita e análise de datos e de utilizar software específico para a investigación en lingüística inglesa.			
C12	Capacidade para analizar distintos tipos de discursos e xéneros discursivos orais e/ou escritos en lingua inglesa.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Comprensión dos conceptos básicos da Análise do Discurso.	B1 B5 B7 B8 C2 C3
Familiarización coas principais aproximacións e aplicacións da Análise do Discurso en inglés.	B1 B2 B7 B8 C2 C3
Análises de diferentes tipos de discurso en contextos reais.	B2 B4 B5 B6 B7 C12
Lecturas críticas de literatura especializada relacionada co campo de estudo.	B1 B3 B6 B7 B8 C1 C2
Uso de novos recursos e tecnoloxías para a investigación no campo de estudo.	B3 B7 C3
Realización dun pequeno traballo de investigación no campo da Análise do Discurso.	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C11 C12
Realización de actividades individuais e en grupo.	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C3 C11 C12
Participación nos debates na aula relacionados con temas da Análise do Discurso.	B1 B4 B6 B7 C1 C2 C12

Contidos	
Tema	
1. Introducing Discourse Analysis	1.1. Basic concepts 1.2. Overview of the field
2. Main approaches and applications	2.1. Pragmatics, information processing and the organisation of discourse 2.2. (Applied) Conversation Analysis 2.3. Critical Discourse Analysis

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	10	15
Resolución de problemas	6	25	31
Traballo tutelado	0	20	20
Actividades introdutorias	2	4	6
Observación sistemática	0	2	2
Presentación	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos teóricos da materia seguindo o temario.
Resolución de problemas	Resolución autónoma ou en parellas de problemas, exercicios prácticos e/ou actividades de análise do discurso dirixidos aplicando as técnicas expostas na lección maxistral. Son un complemento das sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Realización de traballos escritos individuais supervisados.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado, a presentar a materia (obxectivos, contidos e sistema de avaliación), así como a presentar unha visión panorámica do campo de estudo e dos conceptos básicos que se utilizarán nas clases maxistrais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	O alumnado contará con atención personalizada por parte da profesora en modalidade presencial (no despacho durante o horario de titorías) e/ou en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma MooVi e/ou o correo electrónico e/ou o Campus Remoto). Esta atención personalizada estará encamiñada a atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas cos problemas, exercicios e/ou actividades que se lle encarguen, proporcionándolle orientación, apoio e motivación.
Traballo tutelado	O alumnado contará con atención personalizada por parte da profesora en modalidade presencial (no despacho durante o horario de titorías) e/ou en modalidade virtual (a través das ferramentas que ofrece a plataforma MooVi e/ou o correo electrónico e/ou o Campus Remoto). Esta atención personalizada estará encamiñada a orientar ao alumnado na planificación e elaboración do traballo así como na preparación da defensa oral do mesmo.

Avaliación				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Resolución de problemas	Resolución de exercicios, problemas ou actividades que a profesora solicite realizar dentro ou fóra da aula. No caso de que se solicite entregar unha actividade, a non entrega da mesma en tempo e/ou forma puntuará como cero.	20	B2 B4 B5 B6 B7 B8	C1 C2 C3 C11 C12
Traballo tutelado	A realización autónoma dun traballo escrito, que deberá cumprir co formato, estrutura, corrección gramatical e estilo propios dun traballo académico.	35	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10	C1 C2 C3 C11 C12

Observación sistemática	O alumnado tamén será avaliado en base aos datos e evidencias que a profesora recompila sobre a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais: atención, comentarios, reflexión e preguntas ao fío das explicacións e realización das actividades encomendadas.	10	B1 B4 B6 B7	C1 C2 C3 C11 C12
Presentación	Presentación oral do traballo escrito en clase. Recoméndase o uso dun powerpoint.	35		

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación na primeira edición de actas (maio/xuño)

- A avaliación será continua e baseada nos tres parámetros arriba indicados e súas correspondentes porcentaxes da cualificación final.

-É requisito indispensable para aprobar a asignatura asistir a tódalas sesións presenciais e obter alomenos un 5 (sobre 10) no traballo escrito e nas demais actividades avaliadas.

- No caso de obter unha nota inferior a un 5 no traballo escrito ou en calquera outra actividade evaluable, o alumno/a terá a oportunidade de refacer o traballo/actividade segundo as instrucións que reciba ao respecto e presentalo(s) para unha nova avaliación na segunda convocatoria en xuño/xullo.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso nesa proba evaluable. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Avaliación para o alumnado con dispensa de asistencia

-O alumno/a que non poda asistir ás sesións presenciais e realizar as actividades do curso coa regularidade necesaria por causa debidamente xustificada será avaliado/a en base á realización autónoma dun traballo escrito coa súa correspondente presentación oral en clase no día e hora acordados entre a profesora e o alumno/a. Este traballo computará como o 100% da cualificación.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido senón tamén a súa corrección lingüística.

- A copia ou plaxio total ou parcial no traballo escrito ou presentación oral suporá un suspenso na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Avaliación na segunda edición de actas (xuño/xullo)

-O alumno/a que non supere a materia na primeira edición de actas por non ter superado o traballo escrito coa súa correspondente presentación oral e/ou as actividades do curso terá a oportunidade de refacer e presentar o traballo e/ou actividades segundo as instrucións que reciba ao respecto pola profesora para a súa nova avaliación na segunda convocatoria en xuño/xullo. O traballo ou actividades computarán cada unha sobre 10, manténdose a(s) porcentaxe(s) das partes aprobadas na primeira edición de actas.

-No caso de tratarse de alumnado con dispensa a clase, a avaliación de xullo farase en base ao traballo escrito coa súa correspondente presentación oral e computará como o 100% da cualificación.

-A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido senón tamén a súa corrección lingüística.

- A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Clift, R., **Conversation Analysis**, C.U.P., 2016

Cora García, A., **An Introduction to Interaction. Understanding Talk in Formal and Informal Settings**, Bloomsbury, 2013

Drew, P. and J. Heritage (eds.), **Conversation Analysis. 4 volumes**, Sage, 2006

Drew, P. and J. Heritage (eds.), **Contemporary Studies in Conversation Analysis. Vol. IV: Institutions and Applications**, Sage, 2013

Gee, J. P. and M. Handford (eds.), **The Routledge Handbook of Discourse Analysis**, Routledge, 2012

Hart, C. (ed.), **Researching Discourse. A Student Guide.**, Routledge, 2020

Holmes, J. and M. Stubbe, **Power and Politeness in the Workplace: A Sociolinguistic Analysis of Talk at Work. 2nd ed.**, Routledge, 2015

Lester, J. N. and M. O'Reilly, **Applied Conversation Analysis: Social Interaction in Institutional Settings**, Sage, 2019

Liddicoat, A. J., **An Introduction to Conversation Analysis. 3rd ed.**, Bloomsbury, 2022

Paltridge, Brian, **Discourse Analysis. An Introduction**, Bloomsbury, 2022

Research on Language and Social Interaction 52/3, **The State of the Art in Key Areas of Applied Conversation Analysis**, 2019

Schegloff, E., **Sequence Organization in Interaction**, C.U.P., 2007

Sidnell, J. and T. Stivers, **The Handbook of Conversation Analysis**, Wiley-Blackwell, 2012

Statham, Simon, **Critical Discourse Analysis. A Practical Introduction to Power in Language**, Routledge, 2022

Bibliografía Complementaria

A more detailed bibliography list will be available, **on the MooVi platform on the first day of the course.**,

Recomendacións

Outros comentarios

Durante a realización das actividades o alumnado debe reflexionar sobre o seu proceso de aprendizaxe e solicitar axuda ben mediante o foro ou ben por medio de preguntas individuais ou titorías antes da presentación das súas evidencias. Un índice de traballo satisfactorio, uniforme e gradual é necesario para superar a asignatura.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais dispoñibles na plataforma MooVi (novidades, documentos, cualificacións) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.

Cómpre lembrar ao alumnado que debe respectar os dereitos de autor, tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados pola docente na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.